

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 02/08/1978

Colección:

Data: 02/08/1978

De:

Ricardo Palmás;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

Mención:

Reading (local), Sueste de Inglaterra (rexional), Inglaterra (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Temáticas:

Comunicacións mesturadas; Abadía de Reading; Artes; Asuntos particulares; Autores/as; Espazos artísticos; Galería Bonino; Igrexa de Marlowe-on-Thames; Medios de comunicación; Radio;

Mencionados:

Inés Canosa; Henrique I de Inglaterra; Ramón Lugrís; Carlos Maside; Matilde de Inglaterra; Victoria Ocampo; Ramón Otero Pedrayo; Vita Sackville-West; Maruxa Seoane; Lorenzo Varela; Leonard Woolf; Virginia Woolf;

Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 02/08/1978

Londres, 2.8.78

Benquerido Seoane:

Sabía da publicación sobre Maside, pois ao Moncho Lugrís pediranlle un escrito para incluír no libro. O fenómeno da “provincianización” de Maside non me estraña. É a tónica da actual cultura galega. E o que é peor aínda é provincianismo con capital en Madrí. Parécenme mui bós os seus proietos de novos libros. Pola miña banda sigo traballando na preparación de Virginia Woolf na lembranza –título provisorio–. Onte rematei de traducir un traballo de Victoria Ocampo e teño mui adiantado a entrevista con Leonard Woolf. Logo seguirei cunha carta de Vita

Sackville-West. O cuarto testemuño será o artigo de Otero Pedrayo, que espero meu irmao atope entre os papeis na miña casa aí. Por desgracia polo lado británico sigo sen poder saber cando se atoparon e onde don Ramón e Virginia. Cando remate este traballo verei con qué sigo. Para o futuro estou pensando en breves artigos –ao xeito das suas Comunicaci3ns mesturadas– sobre temas anglo-galegos. Agora teño unha maior seguranza económica pois voltaronme a coller en Efe e, por tanto, xa non teño que escribir artigos para ter diñeiro extra. O horario é fatal –17 a 21– mais se traballase na BBC sería muito peor. Como lle fun contando nas anteriores sempre vou atopando cousas curiosas sobre Galicia ou dela. Non sei se lle dixen o da “mao do Apóstolo”. Parece ser que llela regalaron a Matilda –filla de Enrique I– cando foi a Santiago en pelerinaxe. Até a reforma estivo na abadía de Reading e logo se perdeu, atoparonna no século pasado e agora gardana –en silencio– na igrexa de Marlowe–on–Thames. Nese posíbel volume incluíría historias ben diferentes como: O Pórtico da Gloria do V&A, Vigo Street, Saint James’ Church de Wreu, etc. Espero que poda haber en Galicia 10 lectores novos para cousas como estas.

Non se me ocorrira pensar nos liberais do século pasado. A hipótese parece ben asisada. Estou seguro que no Ashmolean deben de ter datos sobre os doantes.

Por desgracia o horario de Efe impediume seguir por completo un extraordinario ciclo de cine soviético excéntrico. Foi todo un acontecemento pois poucas veces pódese ver xunto, en bloque, tanta cantidade de filmes descoñecidos, ou cuase. Vin fantásticas escenaci3ns constructivistas, debuxo animado e montaxe, na maioría dos casos cunha aberta intenci3n política. Lembreime muito de vostede, pois estou seguro que tería gozado as películas muitísimo. Muitas delas tiñan os carteis coas letras orixinais. No NFT pasaron catro anos preparando o ciclo e trouxeron os filmes da cinemateca soviética, da francesa, de Berkeley e, naturalmente, a propia británica.

Que non lle respondan as cartas non me estraña. A min pásame o mesmo. Supoño será a nova modalidade dos tempos pre-autonómicos.

Ten noticias dos Varela? A min pasoume algo ben curioso e que non remato de entender. Mandeilles através dunha amiga unha caixa de té, como non tiña o enderezo pedinlle que chamara a Inés. Resposta sorprendente: “Ricardo sabe mui ben que Lorenzo non quere que eu dé o seu enderezo...” Non sei, mais semella que a tolemia colectiva do país vaise metendo nos individuos. Recibir tal resposta tras doce anos de amizade non deixa de chamar a atenci3n.

Por favor, gustariame muito ter o catálogo da exposici3n que fixo en Rosario e da que fará en Bonino.

Espero que Vd. e Maruxa estén ben, pola miña banda non teño máis novidades.

Unha forte aperta para ambos os dous.

Ricardo Palmás

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.